

LLENDAS Y MITOLOGÍA DAS ÁGUILAS



El águila nel Bestiario d'Oxford (1511)

↓ Alberto Álvarez Peña

Nel conceyo de Cuaña atopamos esta historia que nos chamóu el atención:
«Nun sito que ye chamaban El Bravo taba A Pena el Águila. Ten ido un home de Nadóu a cazar as águilas p'agarrar úa pedra que chaman del águila. Aquella pedra tíanla debaxo del ala y usábanla pra gorar a niada» (Cuntao por Alejandro Anes Suárez, 72 anos, Casa da Sella, As Mestas, 23-1-00).

Esta pedra da que nos falaron foi mui apreciada na Edá Media europea. Manier, un pelegrín picardo que fixera el camín de Santiago, cuntaba cómo chegara a comprar úa d'estas pedras, del tamaño d'un aguiyolo, color arroxao tirante a gris. Usábase pras muyeres preñadas, contra abortos, velenos, males da cabeza y peste¹.

Ún dos primeiros que fala da pedra del águila é Cayo Plinio Segundo "El Veyo", nel siglo I da nosa era. Chámala "etite" ou "gagate". Diz d'ella que nun se gasta nin consume y qu'al aballalla ruxe dentro outra: «É úa pedra preñada². Tamén falan d'este asunto Discórides y San Isidoro nas *Etimoloxías* (s. VII da nosa era), ou Juan de Mena nel *Laberinto de la Fortuna* (1444), unde nun conxuro fala d'esta pedra como ingrediente. Diz que son pedras macho y fema qu'axudan al águila a sacar alantre a niada³.

Dalgús testimonios que recoyemos confunden a chamada "pedra da colobra" con esta pedra das águilas da que tamos falando porque entrambas y dúas tíanse por máxicas:

«Pedra da colobra había unba en Lourido, en Casa Barrera, d'unbas mulleres que se chamaban



Concepción e Pepa. Esa pedra regalárala unha señora que vivía en Madrid e tiña moitos diñeiros. Era moi rica. Dixo “Vouvos regalar algo de moito valor”. Esa pedra taba metida nos níos das águilas porque sin esa pedra nun poden choca-lo nío, nun poden criar. Traíanllas as águilas da veira da mar. Era como unha pedra metida noutra e víaselle subi-lo veneno, verde, arriba, cando a poñías nas picaduras. Tiña que tar unbos dous minutos sorbendo o veneno, que se non reventaba, e tiña que descargalo en leite, alí soltaba o veneno. Antes de poñela había que cortar e facer sangra-la picadura» (Cuntao por María Bouza, 71 anos, y Eugenio García, 83 anos, nacidos respectivamente en Lourido y A Antigua, San Tiso d'Abres, 26-2-01).

Dalgús vecíos taramundesés cuntáronnos cómo iban curar as picaduras da colobra a Lourido.

Como podemos ver, a pedra das águilas valía contra el veneno, compitando neste a pedra da colobra que taba amañada por sete colobras enroscadas —úa d'ellas el colobro— que criaban esa pedra al entestar a baba que soltaban.

Pra Luciano Castañón a pedra das águilas é úa variedade de limonita que s'usaba nos últimos meses das preñadas pra que tuveran miyor parto⁴.

Axuntado datos d'un llao y d'outro, ta claro qu'esta llenda é moito máis veyá del que podía parecer.

«Dicían qu'as águilas tían moita forza, qu'igual levantaban un boi, se nun fora porque trembaban as terciánas nun sei cóntas boras. Nun sei qué serían esas terciánas» (Cuntao por Alejandro Anes Suárez, 23-1-00).

Pra defender os pitos del ataque das águilas había dalgús esconxuros. Condo xa llevaba dalgún preso nas gazoupas dicíase pra que lo soltara:

«Santa Bárbara Bendita,
que no cielo tas escrita
con papel y augua bendita,
abre canelas,
zarra banelas,
deixa a piel que levas,
que nun la comas nin tu nin eu,
que la coma quen la crióu
que caro ye costóu.»

(Cuntao por Jesusa Pérez Gómez, Cornoyo, Allande, 7-4-1998).

Luciano Castañón recoye esta variante⁵, qu'había que dicir nove veces despóis de presinarse:

«Aguilita, aguilita,
que en el cielo estás escrita
en papel y agua bendita,
déjame eso que levas.

Abre conxelas
cerza banelas,
que nin é tou nin é miou,
que é de Dios que lo crióu,
que bon caro-lle costóu.»

Einda se pode volar en máis crencias relacionadas con esta cuestión. Mesmamente, nel conceyo del Franco, según nos cuntó Luis da Casaveya (Luis Fernández Fernández, 73 anos, Romeye, 5-2-00), por derriba del varal, nel pico da llata, poñíanse as queixadas d'úa burra, úa calavera, pra qu'el azor ou el águila nun marcharan cos pitos. ☞

NOTAS:

¹I. Arana Murrio (1999), “La asistencia sanitaria a los peregrinos del Camino de Santiago”, *El Médico* 700, pp. 68-69.

²C. Plinio Segundo, *Historia Naturalis*, Llibro X, cap. III.

³I. Malaxecheverría (1991), *Fauna Fantástica de la Península Ibérica*, p. 132.

⁴L. Castañón (1976), *Supersticiones y Creencias de Asturias*, p. 25.

⁵*Ibid.*, p. 118.